


Unha aventura de Suso Espada Espada no México excesivo

■ As “horas rojas” son a denominación que na prensa mexicana teñen as informacións sobre o mundo do crime. E é que a terceira entrega das aventuras de Suso Espada, o detective da Axencia de Detectives Nabucodonosor (ADN) ten que resolver un inesperado caso nun México que é tanto espazo onde o crime manda como territorio de amizades e soños. “Suso Espada: Istambul e o cabaliño de ouro” e “Suso Espada: O misterio do Grial” son as dúas anteriores historias creadas pola vizosa imaxinación de Fernández Naval, configurando a un personaxe analítico, intuitivo e sagaz como lle còmpre a un bo investigador.

Nesta oportunidade, a súa historia comeza cun caso de mal de ollo cuxa trama se interrompe cando Espada recibe un dramático correo do seu curmán Francisco que vive en México. Tras presentarse na cidade de Oaxaca, Espada descubre que o seu curmán foi secuestrado. As súas pesquisas lévano tanto a descubrir obscuras tramas policiais como estimu-

lantes amizades nun país vital do que Fernández Naval aproveita para ilustrarnos sobre costumes e tradicións locais. Non hai cabo solto nesta dupla trama coa que o autor agasalla a mozos e adultos coas súas historias de Suso Espada.



"Suso Espada. 'Nota Roja'"
Francisco X. Fernández Naval
Everest Galicia / 8.50 euros